

v / |

A situación socioeconómica na Comarca de Ferrolterra é das máis preocupantes do país. O alto índice de desemprego que vimos arrastrando debido ao desmantelamento do sector naval e a falta de compromiso das distintas administracións, fai que a cifra de parados e paradas supere os vinte mil, a máis alta dos últimos vintecinco anos.

Malia os distintos plans ( Zur, Zid e outros de recente creación ), aprobados polas distintas administracións nas épocas dos gobernos do PSOE e do PP, non se acadou rebaixar a taxa de paro mesmo nos tempos da chamada bonanza do ladrillo. A penas se crearon novas empresas que puideran paliar esta situación. Unhas o fixeron para aproveitarse das subvencións e pechar ao pouco tempo e outras desapareceron por mor da falla de mercado ou dunha mala previsión, como é o caso dalgunhas adicadas ao tratamento e comercialización de biodiésel.

Sería interminable a listaxe de empresas con problemas, ben por despedimentos ou peches, ben por estar inmersas en ERE'S tanto de extinción como de suspensión, pero cómpre que a cidadanía coñeza a situación cando menos das de maior número de traballadores/as.

- Metalúrgica de Atlántico: De 120 traballadores/as quedan 52, e estes con ERE de suspensión.
- Talleres Cachaza: De 100 traballadores/as quedan 48, con ERE de suspensión.
- Aceriusa – Estracero: Peche e 45 despedimentos.
- Remonsa: De 65 traballadores/as quedan 18.
- Inclíma: De 40 traballadores/as quedan 12, e ás portas do peche.
- Barlovento: Peche con 48 despedimentos.
- Acerías As Pontes S.L : Peche con 42 despedimentos
- Vialca: Está a piques de pechar, dunha plantilla de 42 quedan 12.
- Megasider: Despediu á metade da súa plantilla quedando 27.
- Megasa: Con un ERE que afecta a máis do oitenta por cento da plantilla.
- Poligal: Ameaza cun ERE que afectaría a 120 dos 180 traballadores da plantilla.
- Construeme: Dunha plantilla de 85 pasou a 50.
- Camilo Ares: Dunha plantilla de 150 quedan aproximadamente a metade.
- Eshor: Dunha plantilla de máis de 350 quedan entono a 150.

A toda estas hai que engadir as adicadas á produción eólica, como LM COMPOSITES, que pechou deixando na rúa a 90 traballadores, ou GAMESA, que d unha plantilla de máis de 700 traballadores/as hoxe apenas ten 300.

Tamén mencionar o despedimento de centos de traballadores/as que pasan a engrosar as listas do desemprego ou emigran da nosa comarca, que proveñen dos pequenos comercios, pequenas empresas e autónomos.

Esta é unha pequena radiografía da situación da comarca, compre mudala, e para isto son necesarias políticas activas que realmente modifiquen esta tendencia e un compromiso real de inversións das administracións central e autonómica que permita rematar as infraestructuras pendentes dende hai anos. Deberemos esixir a volta de Navantia – Fene (Astano) á construción naval civil como eixo fundamental das nosas reivindicacións e impedir que se tomen medidas que empeoren a situación, como o recorte dos dereitos laborais ou a reforma das pensións.